

A QUINTA DECLINACIÓN

	<i>res, rei</i> : cousa, asunto	
	singular	plural
Nominativo	res	res
Vocativo	res	res
Acusativo	rem	res
Xenitivo	rei	rerum
Dativo	rei	rebus
Ablativo	re	rebus

Nota bene: todos os substantivos da quinta declinación son **femininos**, excepto *dies*, *ei* cando significa “día” (*dies*, *ei* tamén pode significar “data” e nese caso tamén é feminino).

ACTIVIDADES

1.- FALAMOS DÚAS LINGUAS ROMÁNICAS!!.- Tenta deducir o significado dos seguintes substantivos.

1. dies, ei:
2. planities
3. spes, ei
4. materies, ei:

2.- Trata de deducir o significado das seguintes verbas a partir das seguintes “pistas” (poden ser derivados en en español/galego ou noutras linguas, románicas ou non...)

substantivo latino	“pista”	significado do substantivo
meridies, ei	cfr. inglés <i>a.m.</i> , <i>p.m.</i>	
pernicies, ei	cfr. gal. cast. “pernicioso”	
facies, ei	cfr. gal. “faciana”, ingl. “face”	
effigies, ei	Cfr. gal. “efixie”, cast. “efigie”	

3.- Completa as seguintes oracións cunha das palabras do recadro (lógicamente terás que facer concordar os adxectivos).

planicie	pernicioso	efixie	facial
----------	------------	--------	--------

1. Sócrates foi acusado polos seus contemporáneos de exercer unha influencia _____ sobre a xuventude.
2. Atopei unha moeda antiga na que se pode ver a _____ de Cervantes.
3. O coche avanzaba pola seca _____ manchea.
4. Polos seus rasgos _____ parece africano.

4.- Completa a seguinte tabla.

substantivo	ac. sing.	xen. sing.	nominativo pl.	ablatoivo pl.
<i>miles, militis</i> “soldado”				
<i>exercitus, us</i> “exército”				
<i>scutum, i</i> “escudo”				
<i>acies, ei</i> “liña do exército”				
<i>hasta, ae</i> “lanza”				

5.- Declina os seguintes sintagmas formados por adxectivo e substantivo.

	<i>res adversa</i> : situación adversa [<i>res, rei; adversus, a, um</i>]	
	Singular	plural
Nominativo		
Vocativo		
Acusativo		
Xenitivo		
Dativo		
Ablativo		

	<i>dies horribilis</i> : día horrible [<i>dies, ei; horribilis, e</i>]	
	Singular	plural
Nominativo		
Vocativo		
Acusativo		
Xenitivo		
Dativo		
Ablativo		

6.- Analiza morfosintacticamente e traduce.

1. Milites strenui omni tempore magna spe pugnabant.

Vocab.: *strenuus, a, um*: “Valente”; *omnis, e*: “todo”; *tempus, oris*: “tempo”; *pugno, as, are, avi, atum*: “loitar”.

2. Omnium rerum principia parva sunt.

Vocabulario: *omnis, e*: “todo”; *principium, ii*: “principio”, “comezo”; *parvus, a, um*: “pequeno”.

3. Veri amici fidei testimonia in rebus adversis saepe nobis praebent.

Vocabulario: *verus, a, um*: “verdadeiro”; *testimonium, ii*: “proba”; *saepe* (adv.): “a miúdo”; *praebeo, es, ere, praebui, praebitum*: “proporcionar”; *nobis*: dativo do pronome persoal de primeira persoa plural.

4. Rerum adversarum memoria semper utilis est.

Vocabulario: *memoria, ae*: “recordo”.

5. Res secundae homines ad perniciem saepe ducunt.

Vocabulario: *pernicies, ei*: “destrución”; *duco, is, ere, duxi, ductum*: “levar”, “conducir”.

6. Spes boni exitus nos in rebus adversis saepe sustinet.

Vocabulario: *exitus, us*: aquí, “resultado”, “desenlace”; *sustineo, es, ere, sustinui, sustentum*: “soster”.